

CANGAS**A N U N C I O**

A Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2013 acordou outorgar a aprobación definitiva ó Proxecto de Compensación do Polígono 2 da Unidade de Actuación nº 2 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, redactada polo arquitecto Javier Rial Lemos

Ao non poderse realizar a notificación persoal daquel acordo a PROMOCIONES RIANOSA S.L., mediante esta cédula, e ao amparo do disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícaselle ao interesado o devandito acordo.

Contra este acordo que é firme en vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a súa publicación ou ben recurso contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Para que conste, e lle sirva de notificación ao citado interesado en cumprimento do disposto no artigo 59.5 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula

Cangas, a 2 de decembro de 2013.— O Alcalde, José Enrique Sotelo Villar.

2013010878

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Cangas, en sesión extraordinaria de data 27 de decembro de 2013, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, unha vez resoltas as reclamacións presentadas, a redacción final do texto das seguintes ordenanzas, o que se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

**ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS,
INSTALACIONES E OBRAS****ARTIGO 1.— FEITO IMPOÑIBLE:**

1.— Constitúe o feito imponible deste imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello de Cangas.

2. As construcións, instalacións ou obras á que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- A) Obras de construción de edificacións e instalacións de tódalas clases de nova planta.
- B) Obras de demolición.
- C) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- D) Instalacións de rótulos e letreiros.

- E) Obras de urbanización.
- F) Peche de terreos.
- G) Obras e instalacións industriais.
- H) Aliñacións e rasantes.
- I) Obras de fontanería e sumidoiros.
- J) Obras en cemiterios.

K) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licencia de obra ou urbanística ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

3. Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licencia aludida no apartado 1, considérase outorgada unha vez dictada a orde de execución, adoptado o acordo ou outorgada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento de tramitación preceptivo e legalmente notificado o acto ó interesado.

ARTIGO 2.—SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice a mesma. Terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licencias ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

ARTIGO 3.—BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra. Non forma parte desta base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio industrial do contratista nin calquera outro concepto que non integre estrictamente o custo de execución material.

2. A cota do imposto será o resultado de aplica-la base imponible ó tipo de gravame.

3. O tipo de gravame será o 3,20 %.

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licencia.

5. No suposto de que o presuposto presentado sexa inferior ós módulos aprobados nesta ordenanza se aplicarán estes últimos.

ARTIGO 4.—XESTION

1.—O imposto esixirase en réxime de autoliquidación, cuxo importe deberá ingresar o suxeito pasivo ao mesmo tempo que presenta a solicitude de licenza, a declaración responsable ou a comunicación previa.

2.—O pago da autoliquidación presentada terá carácter provisional e terá o carácter de a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez terminadas as construcións, instalacións ou obras, determinándose en dita autoliquidación a base imponible en función do maior dos seguintes importes:

– O importe do orzamento de execución aprobado polo Colexio Oficial correspondente, cando a súa presentación sexa preceptiva.

– Importe resultante obtido en función da aplicación dos módulos de valoración que, para cada tipo de obras ou instalacións, establécense no Anexo da presente Ordenanza, considerados por m² construído, en función da natureza e o destino obxecto da licenza, declaración responsable ou comunicación previa.

3. – Á vista das construcións, instalacións e obras efectivamente realizadas e do custo real e efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible, á que se refire o apartado segundo do presente artigo, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

4. – O pago deste imposto en ningún caso eximirá da obrigaçión de obtención da licenza urbanística municipal nos supostos en que esta sexa preceptiva ou no seu caso da presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

ARTIGO 5. – INSPECCION E RECADACION

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para seu desenvolvemento.

ARTIGO 6. – INFRACCIONS E SANCIONS

No relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como, a determinación das sancións que polas mesmas correspondan no seu caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro do 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO A. LISTADO DE PREZOS MEDIOS PARA OBRAS DE NOVA PLANTA OU DE REFORMA

1. m ² substitución carpintería	60,22 €
2. ud. Porta	160,33 €
3. m ² reposición cristais	15,18 €
4.1. Cambio de tella	
4.2. m ² reparación e reposición de material de cubrición	22,57 €
	60,00 €
5. m ² sollado de terrazo	15,05 €
6. m ² sollado de cemento	15,03 €
7. m ² sollado de parqué	37,57 €
8. m. Rodapé	3,01 €
9. m ² encintado	2,51 €
10. m ² limpeza paredes de pedra	3,77 €
11. m ² pintura	7,51 €
12. m ² azulexado	23,79 €
13. m ² reboque	11,28 €
14. m ² falso teito	12,79 €
15. m ² mampara	67,74 €
16. m ² impermeabilización	8,76 €
17. m. Baixante	13,17 €
18. m ² cámara de aire ou tabique interior	15,05 €
19. m ² reixas de seguridade	75,27 €
20. m ² picar cales	3,77 €
21. m ³ limpeza ou roza de terreos	2,25 €
22. m ³ escavación	4,15 €

23. ud. punto luz, enchufe	18,07 €
24. ud. fosa séptica	421,55 €
25. ud. pozo auga	1.128,88 €
26. ud. Lápida	225,35 €
27. instalación sanitarios:	
—Bañeira	144,04 €
—Lavabo	90,33 €
—Bidé	90,33 €
—Inodoro	90,33 €
—Baño compl.	375,75 €
28. m2 construción escaleira	45,17 €
29. m2 Apertura de oco	7,52 €
<i>VARIOS</i>	
30. m2 Toldo	75,27 €
31. m2 Marquesiña	225,83 €
32. m. Cala	37,64 €
33. ud. entrada carruaxes	19,18 €
34. m2 rótulo opaco sainte	338,76 €
35. m2 Rótulo opaco adosado	263,45 €
36. m2 Rótulo luminoso sainte	451,66 €
37. m2 Rótulo luminoso adosado	414,03 €
38. m2 Carteleira publicitaria	33,88 €
39. ud. instalación grúa	752,77 €
<i>MÓDULOS DE CONSTRUCCIÓN</i>	
40. m2 de vivenda unifamiliar no rural	745,24 €
41. m2 porche aberto	400,00€
42. m2 edificio de vivendas de P.O.	677,60 €
43. m2 edificio de vivendas libres	677,60 €
44. m2 de nave industrial	263,02 €
45.1 m2 Obras de reforma integral	237,97 €
46. m2 Sotos, Semisotos e Locais comerciais	269,28 €
<i>PECHES</i>	
47. m. de aramado con postes	20,00 €
48. m. de bloques de formigón	26,30 €
49. m. de pedra	112,72 €
<i>MURO CONTENCIÓN.</i>	
50. m3 muro contención	187,87 €
<i>CUARTO DE BAÑO.</i>	
51. m2 construción cuarto de baño	745,24 €
<i>GALPÓNS.</i>	
52. m2 construción de galpón	119,00 €
53. m2 demolición de muros	60,22 €

ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DO CEMITERIO MUNICIPAL

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por servizos dos cemiterios municipais”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible desta taxa os servizos que se presten nos cemiterios municipais de Aldán, Coiro, Darbo e O Hío, tales como: asignación de espazos para enterramentos, concesións temporais dos cinceiros e nichos, renovación de ditas concesións, expedición dos títulos e expedición